

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE ACCIÓN DAS XORNADAS

“A internacionalización da literatura galega en tradución ao inglés: novas oportunidades perante un mercado editorial británico en apertura”

Olga Castro (University of Warwick, Gran Bretaña)
Laura Linares (University College Cork, Irlanda)



Resumo

O presente documento inclúe as conclusións das xornadas de debate e formación “A internacionalización da literatura galega en tradución ao inglés: novas oportunidades perante un mercado editorial británico en apertura”, acompañadas de propostas de acción para atallar as eivas e problemáticas diagnosticadas. Estas xornadas foron organizadas polo Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela, Galiza) e tiveron lugar os días 17, 18 e 19 de xuño de 2019 baixo a coordinación de Olga Castro, Laura Linares e Dolores Vilavedra, ao abeiro do proxecto de investigación Stateless Cultures in Translation: The Case of 21st Century Basque, Catalan and Galician Literatures in the UK, financiado pola British Academy/Leverhulme Trust e dirixido por Olga Castro.

Conclusións

As seguintes conclusións derívanse do exposto durante as xornadas:

1. A internacionalización da **literatura galega**¹ contemporánea mediante a súa tradución a outros idiomas, e en particular ao inglés, resulta positiva a varios niveis:

- 1.1. Aumenta o capital social posto que implica **crear redes e relacións entre sistemas culturais** e incrementa o capital cultural e simbólico da literatura galega e, por extensión, da cultura galega en xeral. Traducir desde o galego cara a unha lingua hexemónica coma o inglés implica:
 - chegar potencialmente a unha **inmensidade de lectoras e lectores no contexto meta**, por tratarse dun mercado amplísimo;
 - favorecer unha transferencia de lexitimidade na medida en que o libro traducido adquire máis **relevancia internacional** e iso acaba por lle outorgar máis relevancia tamén no contexto de orixe.
- 1.2. Aumenta o capital económico como resultado de ampliar mercados no exterior e **vender dereitos de tradución a empresas estranxeiras**.

2. Á hora de falar de **ampliación de mercados e venda de dereitos**, cómpre ter en conta unha particularidade crucial en relación coas **editoriais galegas**²:

- 2.1. Seguindo a tendencia dominante nos mercados da edición, nalgúns casos as editoriais galegas posúen os dereitos de explotación e tradución das obras que publican e, por tanto, obteñen beneficios pola venda deses dereitos. Porén, dado que a maior parte do tecido editorial galego está constituído por **pequenas ou medianas empresas** con limitados recursos para o investimento a medio prazo, os posibles beneficios da tradución son xeralmente escasos. As editoriais precisan dun gran desembolso económico previo para promover as obras, sen teren a certeza de que vaian frutificar en venda de dereitos de tradución. Por este motivo, o investimento de tempo, cartos e recursos requirido para a promoción das obras non sempre se corresponde coa rendibilidade, o que pode implicar **moitos riscos** que chegan a **comprometer a viabilidade** da empresa ou proxecto editorial.
- 2.2. En contra da tendencia dominante nos mercados da edición, noutros casos as **editoriais galegas non teñen os dereitos de tradución** das obras que publican por non estaren recollidos nos contratos de edición dos orixinais, de xeito que estes dereitos quedan no poder das autoras e autores. Mesmo se renunciar a eses dereitos fose resultado dunha decisión ben intencionada por parte das editoriais para non bloquear a explotación das obras, en última instancia si supón un atranco de cara á súa promoción, xa que as autoras e autores non estarían en disposición de traballar na súa propia internacionalización debido á (posible) falta de recursos económicos para promoverse, á falta de coñecemento da industria editorial estranxeira e dos mercados de dereitos, así como á falta de obxectividade coa súa obra que percibiría a editorial estranxeira.
- 2.3. En calquera dos dous casos anteriores, no contexto galego constátase que con frecuencia **os esforzos das editoriais e o seu investimento** en tempo, cartos e recursos por internacionalizar as súas e os seus autores **débese máis ao compromiso coa cultura galega que a unha estratexia comercial** de negocio coa que ampliar mercados e obter rendibilidade económica.

¹ Neste escrito empregamos «literatura galega» para referirnos á literatura escrita en idioma galego.

² Existen editoriais galegas que publican en lingua galega e outras que publican en lingua castelá. Neste escrito referímonos exclusivamente ás que manifestan o seu compromiso cultural mediante a publicación de literatura en galego.

3. Estamos nun momento ideal para que o avance nesta internacionalización a través da tradución se produza no eido anglófono, e máis concretamente no **mercado editorial británico**, onde nos últimos anos se constata por parte de **pequenas editoriais independentes** unha clara **apertura á tradución (sobre todo) de narrativa para público adulto** orixinariamente publicada noutras **linguas europeas**. Xa que logo, é esencial pór en marcha estratexias de visibilización de títulos da literatura galega susceptibles de seren «interesantes» para estas editoriais.

4. Para estas pequenas editoriais independentes son **moi importantes as axudas á tradución** que poidan recibir de organismos supranacionais (como a Education, Audiovisual and Culture Executive Agency da Comisión Europea), de organismos da cultura de chegada (as axudas do Welsh Books Council, English PEN, Arts Council England etc.) e tamén, sobre todo, da cultura de partida (as axudas á tradución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para literatura en todas as linguas cooficiais en España³, as axudas específicas de Acción Cultural Española nos anos previos á participación de España como país convidado de honra na feira de Frankfurt 2021, tamén para literatura en todas as linguas cooficiais de España⁴, ou as axudas da Xunta de Galicia⁵).

As **axudas da Xunta de Galicia** son as **únicas específicas para a literatura galega**, nas que non ten que competir con literaturas expresadas noutras linguas, e por ese motivo desempeñan un papel clave na promoción e internacionalización da literatura galega. Con todo, tal e como se conciben na actualidade, as axudas da Xunta de Galicia presentan deficiencias que as fan pouco atractivas e pouco accesibles para as empresas estranxeiras. É pois esencial corrixir esas deficiencias e publicitar adecuadamente as axudas de tradución dispoñibles en Galicia para estas empresas.

5. En resumo, para avanzar na internacionalización da literatura galega a través da tradución precísase a posta en marcha de **iniciativas concretas** para a visibilización e promoción no exterior, de xeito que esta poida espertar o interese de editoriais e de axentes literarios/as do estranxeiro. Para isto, cómpre unha **implicación absoluta**:

- do **sector editorial galego**, que tome as rendas da internacionalización e asuma os dereitos de tradución como estratexia para aumentar o capital económico e social;
- e moi especialmente da **Administración galega**, que mostre intelixencia sectorial, recoñeza o labor que as editoriais están a facer xa a prol da cultura galega e asuma o **apoyo incondicional ao sector editorial** que publica en galego como **acción estratéxica clave** para aumentar o capital cultural e simbólico. Amais de atender ás necesidades do sector editorial galego, a Administración galega tamén debería **escoitar as necesidades doutras e doutros axentes involucrados na internacionalización** da literatura galega (escritoras e escritores en lingua galega, profesionais da tradución de obras literarias desde o galego) e pór en marcha medidas para atender estas necesidades.

6. O apoio á internacionalización da literatura galega a través da tradución como medida estratéxica implicaría a posta en marcha, entre outras, das propostas de acción concretas sinaladas deseguido:

³ Véxase convocatoria de xullo 2019 en: <http://www.culturaydeporte.gob.es/gl/servicios-al-ciudadano/catalogo/becas-ayudas-y-subvenciones/ayudas-y-subvenciones/libro/fomento-traduccion-lenguas-extranjeras.html>

⁴ Véxase convocatoria de outubro 2019 en: <https://www.accioncultural.es/es/ayudastraduccion>

⁵ Véxase convocatoria de 2018-19 en: <https://www.cultura.gal/gl/axuda-subvencion-bolsa/39595/convocatoria-de-las-ayudas-para-la-traduccion-2018-2019>

Propostas de acción

As propostas de acción aquí presentadas combinan aspectos diagnosticados e debatidos durante estas xornadas, centradas no eido galego, con boas prácticas identificadas nos outros contextos estudados no proxecto de investigación *Stateless Cultures in Translation* antes referido.

A grandes trazos, cómpre intervir en varias liñas:

- ❖ O conxunto de **axentes culturais** podería complementar as xornadas xa realizadas sobre a tradución da literatura galega, que estiveron centradas na perspectiva das **editoriais**, con **outras xornadas que aborden os desafíos, problemáticas e necesidades**:
 - (a) doutros **axentes claves na internacionalización**, como poden ser os tradutores literarios, as escritoras galegas, as axentes literarias, os críticos literarios de obras traducidas, os libeiros estranxeiros, as programadoras de festivais nos que ten cabida a literatura galega traducida etc.;
 - (b) doutros **xéneros textuais** alén da narrativa ou
 - (c) doutros **contextos meta** alén do británico, entre outros temas.
- ❖ O **sector editorial** podería asumir os dereitos de tradución das obras que publica en galego, como primeiro paso para involucrarse logo de maneira activa (e na medida do posible ou rendible) na promoción exterior do seu catálogo, especialmente os seus libros **susceptibles de seren «interesantes» para estas editoriais estranxeiras e británicas**. Compartir recursos e sumar esforzos para a internacionalización a nivel asociativo resultaría beneficioso.

Ora ben, constatado que os **esforzos requiridos** para a promoción exterior das súas obras supoñen un investimento de tempo, cartos e recursos que moitas veces non se corresponde coa rendibilidade obtida (até o punto de implicar **riscos** que poden chegar a comprometer a viabilidade da empresa/proxecto editorial); e concluído que a **internacionalización** da literatura galega (tamén mediante a tradución) debe ser **acción estratéxica clave para o goberno galego**:

- ❖ A **Administración autonómica** e as **institucións culturais galegas** terían a obriga de apoiar o sector coas seguintes propostas de acción concretas arredor, como mínimo, de tres grandes liñas:

1. Crear un organismo independente (consorcio, fundación, instituto etc.) que se encargue de maneira profesionalizada do traballo de proxección e difusión exterior da lingua e cultura galegas en todas as súas expresións, incluíndo a internacionalización, promoción exterior e tradución do libro galego.

- Pola súa experiencia previa, as e os editores británicos presentes nas xornadas suxeriron que podería seguirse o exemplo exitoso doutras culturas minorizadas no Estado español, como a creación no ano 2001 do **Institut Ramon Llull** en Cataluña ou o **Instituto Vasco Etxepare**, creado en 2010 (tras a súa aprobación nunha lei de 2007), os cales dedican un departamento á tradución.
- Algunhas editoriais galegas reivindicaron tomar como base o acordo de creación dunha **Cámara do Libro de Galicia** xa contemplada na **Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia**⁶, aprobada por unanimidade no Parlamento

⁶ A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia (DOG número 7, do 10 de xaneiro de 2007) contempla no seu artigo 19 (páxina 420) a «Creación da Cámara do Libro de Galicia» nos termos seguintes: «A Xunta de Galicia comprometerase a apoiar o sector editorial privado (...) na creación dunha Cámara do Libro de Galicia, que terá como obxectivo promover a exportación do libro editado en Galicia». Trece anos máis tarde, á altura de 2019, este organismo está sen crear.

galego hai trece anos, e propuxeron integrala nun organismo independente que podería denominarse **Instituto Rosalía de Castro**.

1.1. Respecto ao departamento encargado da promoción exterior e tradución do libro galego, tense que garantir que este organismo independente funcione de facto como un **macroaxente literario da literatura galega** (non dunha editorial en concreto), no que as decisións estratéxicas que se tomen sobre títulos que se deben promover sigan **criterios técnicos**.

1.2. Canto ao funcionamento deste organismo:

- O **soldo** das persoas traballadoras **non dependería dos beneficios obtidos** polas vendas de dereitos, como sería o caso nunha axencia literaria tradicional.
- Os **órganos de dirección** deste organismo deberían estar integrados por persoas coñecedoras da cultura de partida (literatura galega), das culturas meta ás que se queira chegar (literaturas noutros idiomas) e tamén das dinámicas propias do sector empresarial e editorial galego. Contar con todas estas perspectivas é esencial para garantir o éxito do deseño das iniciativas.

1.3. Respecto aos obxectivos que se deben seguir, este organismo buscaría:

- Explorar **novos mercados e identificar editoriais estranxeiras** potencialmente interesadas en traducir títulos galegos.
- Velar pola **visibilización da literatura galega** de maneira proactiva en lugares estratéxicos, como as feiras internacionais de dereitos de tradución.
- Apoiar as **relacións comerciais** de compravenda de dereitos, **creando axenda** ás editoriais galegas (concertar citas) e facendo de intermediario entre elas e os/as axentes literarias e editoriais estranxeiras.
- Promover as **obras galegas xa traducidas** a outros idiomas nos contextos meta, en lugares estratéxicos como festivais de literatura traducida no estranxeiro, para así mellorar a súa circulación e recepción.
- Xestionar **as axudas á tradución** de literatura galega a outros idiomas.

1.4. Respecto ás funcións concretas que se desenvolverán para lograr os obxectivos anteriores, este organismo podería desempeñar as seguintes tarefas:

- **Crear un catálogo de dereitos** (en liña e en papel) anual coas novidades da literatura galega en distintos xéneros literarios susceptibles de funcionar ben en mercados estranxeiros (e en particular no mercado británico). A selección para o catálogo realizaríase **de acordo con criterios técnicos transparentes**, en función do que se considere máis vendible ou interesante para exportar nun momento dado. Aínda que cumpriría escoitar as editoriais na defensa que fagan das súas obras, o criterio técnico debería ser o determinante neste organismo, que funcionaría como macroaxente literario da literatura galega (e non dunha editorial en concreto). A folla sobre cada libro debería incluír información sobre os dereitos de tradución dispoñibles, unha sinopse en inglés e unha breve anotación de por que esa obra funcionaría ben en culturas estranxeiras.
- Crear unha **base de datos de editoriais estranxeiras** (e en particular de editoriais británicas) por xéneros textuais aos que se dediquen, con potencial interese en recibir propostas de tradución de literatura galega e información sobre as axudas de tradución. Actualización periódica desta base de datos.
- Crear unha **base de datos de tradutoras e tradutores literarios** do galego a outras linguas (e en particular ao inglés) por xéneros textuais, con potencial interese de facer propostas de tradución e recibir información sobre as axudas de tradución. Actualización periódica desta base de datos.

- Incorporar a cultura galega ás redes de promoción da literatura traducida xa existentes, como pode ser a **European Network for Literary Translation (ENLIT)**⁷, creada no ano 2016.
- Traballar **co catálogo e coas bases de datos** de dúas maneiras complementarias:
 - (a) **Participar de forma proactiva nas feiras do libro** internacionais para editoriais nas que se negocian dereitos de tradución (Feira do Libro de Frankfurt, Feira do Libro de Londres), concertando citas con editoriais estranxeiras previamente á feira e reuníndose con estas editoriais para amosarlles os títulos galegos do catálogo susceptibles de seren traducidos que sexan máis acaídos para cada unha delas, así como das axudas á tradución desde a cultura de partida. Unha vez que a editorial estranxeira amose interese real nalgunha das obras do catálogo de dereitos que fosen preseleccionadas polo organismo, facilitaríase a posta en contacto entre as editoriais galega e estranxeira para que poidan facer negocios. Este labor sería complementario ás reunións que cada editorial galega (de acudir ás feiras) poida manter pola súa conta con editoriais ou axencias literarias estranxeiras, nas cales cada editorial tratará de vender os seus libros de acordo cos seus propios intereses particulares.
 - (b) Complementar ese traballo con **estratexias de achegamento directo** do catálogo de dereitos de tradución **a pequenas editoriais estranxeiras** (nomeadamente británicas).
- Apoiar a **participación de escritoras e escritores galegos** e de profesionais da **tradución en galego** en festivais literarios do estranxeiro nos que estean presentes as súas obras galegas xa traducidas, para favorecer así a **circulación, recepción e índice de vendas** dos libros galegos en tradución.
- **Promover a convocatoria de axudas á tradución** desde o galego a outros idiomas para empresas estranxeiras.
- Xestionar as **axudas á tradución** da literatura galega a outros idiomas (**convocatoria, baremación e concesión**), que deberían conter melloras respecto das axudas anunciadas na convocatoria de 2018, tal e como se indica no seguinte punto.

2. Incorporar melloras ás axudas á tradución desde o galego para facelas atractivas e accesibles ás empresas editoriais estranxeiras, que son as destinatarias últimas destas subvencións.

2.1. Modificacións necesarias:

- Abrir a convocatoria un **mínimo de tres veces ao ano**, de maneira que cada catro meses haxa a posibilidade de solicitar a axuda.
- Simplificar o **impreso de solicitude**, garantindo a súa **dispoñibilidade en inglés** (e non só nas linguas cooficiais de Galicia).
- Simplificar o **proceso de solicitude** e reducir o número de documentos xustificativos esixidos para a percepción das axudas. Amais, débese permitir a **entrega da documentación en inglés** (e non só nas linguas cooficiais), tendo en conta que as axudas están especificamente dirixidas a empresas estranxeiras que normalmente carecen de coñecemento de castelán e galego.
- Modificar a **forma de presentación de solicitudes** para facilitar que as empresas estranxeiras sen NIF poidan solicitar as axudas. Pode tomarse como exemplo o procedemento por vía telemática para empresas que non

⁷ Véxase: <https://publishingperspectives.com/2016/11/enlit-european-network-literary-translation-launched-frankfurt/>

teñen NIF posto en marcha polo Ministerio de Cultura de España (ano 2019)⁸.

- Modificar a partida orzamentaria: as *axudas da tradución do galego a outras linguas* deben ser independentes das *axudas á tradución doutras linguas cara ao galego*, estando ambas as dúas **asignadas a partidas distintas** (sen transferencia de fondos posible), como xeito de evitar que as editoriais galegas e as editoriais estranxeiras compitan polos mesmos cartos.
- Modificar **os criterios de baremación** das axudas á tradución desde o galego, para incluír aspectos que permitan medir de maneira máis obxectiva a capacidade de internacionalización dunha empresa literaria estranxeira e a mellora de recepción das obras. Por exemplo:
 - Priorizar a capacidade de distribución dunha editorial, en lugar das obras galegas que xa teña publicadas previamente (o cal é unha desvantaxe para editoriais ávidas por incorporar libros galegos ao seu catálogo de tradución por vez primeira).
 - Puntuar a capacidade de circulación dos libros traducidos nos circuitos habituais de difusión literaria e en librarías físicas.
- Velar por unha **representación igualitaria**, na medida do posible, de títulos de escritoras e títulos de escritores na listaxe de concesión de axudas á tradución, en cumprimento da **Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes** da Xunta de Galicia.

2.2. Incorporación de **novos aspectos** nas axudas:

- **Aumentar e diversificar o tipo de accións subvencionables**, máis alá do financiamento actual limitado á produción de obra traducida:
 - Co propósito de chegar a novas editoriais e axencias estranxeiras, precísanse axudas para a **tradución parcial e de extractos de libros** que poidan formar parte da proposta de tradución feita a unha empresa editorial de fóra.
 - Co propósito de chegar a novos públicos lectores, precísanse partidas específicas para a **promoción e márketing dos libros galegos unha vez traducidos**, en eventos e feiras do libro dirixidas ao público lector no estranxeiro (por exemplo, o Hay Literature Festival, o Wigtown Book Festival ou o Edinburgh Festival) así como a estratexias de visibilización en librarías estranxeiras (por exemplo, Waterstones, Foyles etc.).
 - Co propósito de que as axencias e editoriais estranxeiras coñezan de preto a produción literaria en galego, precísanse partidas específicas para **organizar encontros con editoriais galegas en Galicia**.
 - Co propósito de aumentar o número de tradutoras/es literarios desde o galego, precísanse partidas específicas para **mellorar o coñecemento da cultura, da literatura e da lingua galegas por parte de tradutoras/es literarios estranxeiros con interese**.
- Editar un **folleto en inglés** no que se resuma en **linguaxe non especializada** (enténdase, linguaxe non administrativa como a recollida no DOG) e dunha maneira **visualmente atractiva** o concepto e a contía das axudas, así como a documentación que se debe achegar. A información en inglés sobre as axudas debe estar dispoñible na rede para que resulte accesible para as editoriais estranxeiras.
- Ofrecer unha «liña directa» (telefónica e por correo electrónico) **en inglés para resolver dúbidas** sobre as axudas que as editoriais estranxeiras poidan ter.

⁸ Véxase *Manual de usuario/a* (en inglés) con instrucións para empresas estranxeiras que queiran pedir as axudas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por vía telemática, para o cal se xeran claves de acceso á plataforma telemática para realizar a solicitude mesmo sen ter un NIF:
<http://www.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:4f463ee7-a17d-401c-a436-327cda145dd9/eng-clavesconcertadas-manualdeusuario.pdf>

3. Apoiar as empresas editoriais galegas para que poidan acudir ás feiras internacionais con bolsas de viaxe e aloxamento, así como cubrir os gastos dunha caseta colectiva que xestionen as propias editoriais.

Olga Castro, Laura Linares
Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019